



As Neves promociona a cultura e a enogastronomía en FESTUR

Na terceira edición de FESTUR -espazo de encontro das Festas de Interese Turístico de Galicia- o Concello das Neves promocionará os recursos turísticos do municipio, con especial atención á oferta enogastronómica.

A cultura é tamén un recurso económico. Promocionar produtos ligados ao noso municipio, e á nosa gastronomía, equivale a protexer a nosa cultura e promovela.

“*Degustación enogastronómica Das Neves*”, terá lugar o venres día 10 ás 13:30 horas, acto no que colaboran as adegas nevenses e a Cooperativa Condado Paradanta, co obxectivo de expandir o coñecemento da calidade dos nosos viños e a singularidade do requiexo, nun concello no que constitúen os nosos sinais de indentidade.

As festas do Tinto Rías Baixas e a Feira do Requeixo e do Mel: Festa do Tinto Rías Baixas celebrará a súa XI edición neste 2016, a segunda fin de semana de xullo, os días 9 e 10. A Feira do Requeixo e do Mel que se celebra todo-los anos o venres de Semana Santa, está declarada dende maio do ano 2013 como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Englobada dentro da tradición popular e relixiosa atopamos tamén outra singular celebración, a Romería de Santa Marta de Ribarteme, proclamada inlcuso por un diario británico como a segunda más rara do mundo.

Concello bañado polos ríos Miño, Xuliana e Termes, que constitúen outro dos nosos atractivos, e no que ao longo dos seus caudais, disfrutamos dos camiños de sendeirismo no Sendeiro dos Pesacadores ou o Camiño dos Frades.

O stand do concello, que permanecerá aberto os catro días, estará arroupado tamén polas tres adegas pertencentes Ás Neves, Viña Nora, Señorío de Rubiós e Adegas Luz más a Cooperativa do Requeixo e o Mel.

Dende o Concello convidámosvos a asistir a esta atractiva cita para o sector turístico galego.